

POETAS SIGLO XXI ANTOLOGÍA POESÍA MUNDIAL

Editor: Fernando
Sabido Sánchez +
7.700 POETAS 171
Países

ANTOLOGÍA DE LA POESÍA UNIVERSAL CONTEMPORÁNEA
* POEMAS Y BIOGRAFÍA DE LOS POETAS

miércoles, 27 de junio de 2012

7167.- VERÓNICA MARTÍNEZ DELGADO



Verónica Martínez Delgado, nació en 1976, es natural de la Frouxeira (Valdoviño, A Coruña), estudió Historia del Arte en la USC y es galerista de profesión.

Verónica Martínez Delgado, de 1976, natural da Frouxeira (Valdoviño), praia de fortes mareas e infinita marca. Estudou Historia da Arte na USC.

Foi gañadora en dúas ocasións consecutivas do Premio de Poesía Fernández del Riego.

Obras

Poesía

Desterrada do meu corpo, 2001, Letras de Cal.
Deshabitada e sen verdugo, 2002, Río Xuvia (Madrid).

Obras colectivas

Sempre mar. Cultura contra a Burla Negra, 2003, Asociación Burla Negra.

Cara a un solpor de gatos, 2005, 3C3. Con Antonio Fernández Seoane.

Isto é un poema e hai xente detrás, 2007, Espiral Maior.

Letras novas, 2008, Asociación de Escritores en Lingua Galega.

En defensa do Poleiro. A voz dos escritores galegos en Celanova, 2010, Toxosoutos.

Vivir un soño repetido. Homenaxe a Lois Pereiro, 2011, AELG, libro electrónico.

A cidade na poesía galega do século XXI, 2012, Toxosoutos.

Premios

Accésit do 1º Premio de Poesía Letras de Cal no 2000, por Desterrada do meu corpo.

III Premio de Poesía Afonso Eanes de Cotón, por Cara a un solpor de gatos.

2º Premio en Lingua Galega do VII Concurso de Contos Repsol, S. A., por Mañá, se cadra, non será un día máis.

Mención de honra no premio GZ Crea no 2006, por O ladrón de almas.

I

Me tocabas
el vientre
como un dios toca su mundo.
No estaba preñada,
pero me creció un mar
de deseos
que duró una vida.

I

Tocábasme
o ventre
coma un deus toca o seu mundo.
Eu non estaba preñada,
pero medroume un mar
de desexos
que durou unha vida.

De Desterrada do meu corpo, 2001

II

Yo entraba en casa
deseando
que todo oliese a témpera,
aguarrás,
y que en el pasillo
hubiese
una mujer desnuda, hermosísima,
posando

sólo para ti.

II

Eu entraba na casa
desexando
que todo cheirase a témpera,
augarrás,
e que no corredor
houbese
unha muller espida, fermosísima,
posando
só para ti.

De Cara a un solpor de gatos, 2005

III

Yo vivía
para este ladrón de almas
que pujaba,
alquilaba,
revendía,
vendía,
traspasaba,
prestaba
y a veces hasta regalaba
mi lado de la cama
entre las prostitutas de lujo
del barrio alto de la ciudad.

III

Eu vivía
para este ladrón de almas
que poxaba,
alugaba,
revendía,
vendía,
traspasaba,
prestaba
e ás veces ata regalaba
o meu lado da cama
entre as prostitutas de luxo
do barrio alto da cidade.

De Isto é un poema e hai xente detrás: O ladrón de almas, 200
Traducciones de la autora.

Afondo
coas mans
na terra
recoñecéndome
da estirpe
das mulleres
que pariron

en silencio,

de pé,
na corte,
sobre a herba seca.

Nados á volta
de cada marea.

Agora,
-tan só muller-
quen
de foder
enriba de todas as mesas,
sobre as alfombras,
contra o frigorífico,
na terraza...
como o único xeito de comunicación
porque

o silencio

pobóao todo.

Mais erguereime
mañá
orgullosa e satisfeita
deste corpo de muller
que me cingue.

Thorndike e nós

Abrín
a caixa de problemas
instintiva e inmediatamente
ao non sentir
o teu alento
na caluga.

Dende
o centro
da gaiola da musa
padecía
a liberación
de todos os teus gatos famélicos.